

## 6 *Antoloxía*

# Mostra antolóxica de textos inéditos

Xavier Queipo

### Presentación do autor

Esta microantoloxía acolle catro textos ben distintos que, se non resumen a variedade da miña obra, si dan idea dunha diversidade de rexistros:

‘As leis do caos: fluxo e mutabilidade’ é un poema glosario adicado ao Premio Nobel de Física, o belga Ilya Prigogine, a quen tiven a oportunidade de escoitar en directo explicando a Teoría do Caos. Foi este o meu contributo a un festival (‘Dwonder van claren ijse en snee. Een Festival in Woord en Beeld’) que combinou as artes plásticas e a literatura en homenaxe ao poeta Jan Smeken e que se celebrou en Bruxelas en marzo de 2007. O poema estivo exposto en grandes paneis no patio do Hotel de Ville, sito na Grand Place, corazón de Europa, en galego, por descontado, mais tamén en francés, inglés e neerlandés.

‘As linguas do paraíso’ é un poema máis clásico, narrativo, case romántico, onde se describe o paraíso como o lugar que se atopa no medio de dous ríos e a lingua ou linguas que nel se falan son pois as linguas do paraíso. Foi lido na sala de Buren de Bruxelas, en galego e traducido ao neerlandés.

‘Camiño de Ferrol’ recolle a figura do capitán Mourelle, personaxe central do inicio de *Extramunde*, que logo se perde nunha das derivacións da novela. Non se trata de material rexeitado, nin moito menos, senón de material que pode ser utilizado como parte integrante dunha novela, pois os fíos soltos (personaxes abandonados) de *Extramunde* pódense abrir en ramificacións dendríticas para constituír unha serie de novelas encadeadas entre si por personaxes comúns.

‘Algoritmos’ é un fragmento dun libro inédito onde se relatan, a xeito de colaxe multicolor e moitas veces multilingüe, as experiencias de escrita e de lectura deste escritor no seu obradoiro. Está pois entre o dietario e a digresión narrativa, escrito nun xénero que non sei se ten nome propio.

## As leis do caos: fluxo e mutabilidade

*A Ilya Prigogine*

INESTABILIDADE. Pequenas modificacións amplifican o fenómeno colectivo da amálgama de culturas múltiples. A seta do tempo e a negación da permanencia. Fuga na bifurcación, na desorde dun universo entrópico. Disipación no non-equilibrio. Catástrofe na ruptura da simetría, da orde, da estrutura equilibrada e cristalíña. Certeza do tránsito futuro. Alometría.

INCERTEZA (NO TRÁNSITO). Escolla e risco. Oportunidade na crise. Modificacións instantáneas da relación coa natureza e co tempo na sucesión de bifurcacións e fugas. Colisións e encontros de azar xerando nubes de equilibrio magrittián. Verdade contra ilusión. Brillar ou extinguirse.

IRREVERSIBILIDADE (NO TEMPO). Dimensión existencial no rol construtivo do tempo. Condena da morte térmica. Irreversibilidade ficticia no eterno retorno das estacións, das xeracións, do frío. Tendencia clinal. Fluxo e mutabilidade. Irreversibilidade = ignorancia.

Corolario: A seta do tempo xera estruturas disipativas, turbións de desorde, magmas en non-equilibrio. Fragmentación fulcral de xeometría variábel. Só o tempo na súa náusea infinita, na súa cachaza sen límites, pode ordenar a desorde.

*(Bruxelas, Xaneiro 2007)*

## As linguas do paraíso

Cando eu era pequeno, ben pequeno  
na idade asustadora das preguntas,  
u-lo paraíso? demandei.

Pai, sen dubidar un intre, respondeu certo:  
sempre entre dous ríos has atopar,  
se así o procuras con afán,  
o paraíso do que nunca sairás.

Entre dous ríos, pensei entón,  
entre o Sarela e o Sar,  
onde fica a casa dos avós, en Compostela.

Entre dous ríos, o paraíso, pensei de súpeto,  
entón a lingua na que o pai fala  
será por forza a lingua do paraíso.

Pasou o tempo, que tantas sorpresas procura,  
na escola contáranme sen arroubo,  
con rotundidade de dogma inventado:  
'O paraíso está entre o Eufrates e o Tigris,  
ríos afastados que lindan co deserto'.

Saín ao mundo a percorrer distancias  
e comprobei por min, con certo abraio,  
que o paraíso ficaba alá nos trópicos,  
entre o Congo nutricio ensanguentado  
e o Zambeze inzado de caimáns.

Un amigo que por alí viaxara,  
dixo ser a Amazonía toda  
coa súa rede milagreira de afluentes,  
o paraíso perdido que soñaran  
os ancestros que zarparan sen retorno.

Lin nun libro de viaxes á India,  
do comezo do século pasado,  
que entre o Ganxes e o Iamuna  
puxeran os deuses o panteón brahmánico:  
o paraíso a onde nunca se retorna.

O yin e o yang nos ríos inmensos  
que percorren a China en mutación,  
o paraíso confuciano e taoísta,  
as tres Gorxas do río Yan-tze  
e o Río das Perlas, co seu alfoz precioso.

Agora estou aquí, nesta terra de acollida,  
terra fértil, baril e agarimosa,  
chaira do Mosa, do Escalda e dos canais  
e sei de certo onde se encontra o paraíso,  
ao que un día cheguei para ficar.

100 — Galicia 21  
Issue E '13

*Mostra antolóxica de textos  
inéditos*

Xavier Queipo

Nas rúas sons de cordas mesturadas,  
daquela as linguas que aquí se escoitan,  
que falan os amigos e os veciños,  
serán todas elas, pois, as linguas do paraíso.

## Camiño de Ferrol

O capitán Mourelle ergueuse do leito envurullado na suor dunha noite con máis acordares que acougos. Tan minguado e tan sen folgos semellaba, coas pernas flexionadas e as costas cargadas, coa face grisalla e o alento pestífero, que se diría atacado do mal das febres recorrentes ou da peste negra. Antón González, o seu mordomo dos días difíciles, durmía aínda aos seus pés, a metade espido e a metade cuberto por un gabán raído e unha manta cuarteleira, que sufriran tamén das reviravoltas da noite.

Fóra chovía sobre mollado, coma se os ceos quixesen ceibar as augas todas dun dioivo. Pola fiestra, a metade aberta por un problema coa fechadura, entraba unha luz tenue, case imperceptíbel, de inverno terríbel. Nas rúas de Betanzos a vida comezaba a espreguizarse e varios carros renxían os seus eixos anunciando o inicio do mercado das quintas feiras, onde os campesiños da contorna traficaban viandas e artesanías, legumes e peixe salgado, escabeches de ostras e polbos mazados para amolecer as carnes, pan acabado de fornear e sementes para a primavera que non tardaría en pintar os campos de flores amarelas.

O capitán achegouse á fiestra con desleixo, convencido aínda de que só unha conspiración dos abades e da curia de Compostela dera cabo das súas ordes primeiras, as de cruzar a mar oceana para liberar nas costas de Güiana o cargamento de condenados polo Santo Oficio que el mesmo levara con man de ferro dende o Santuario de San Andrés ata este porto da Cidade dos Cabaleiros. 'As ordes son as ordes e nós somos soldados e xa que logo debemos seguilas sen dudar un instante', repetía con voz besbexante. Non parecía convencido ao completo de semellante sentenza. Se cadra por iso a repetía sen acougo, coma o retrouso dunha cantiga ou a salmodia dunha oración que lle prendese o ánimo.

Recuperado apenas da penumbra puido na fin abrir os ollos ao día. Na distancia, alá abaixo, no peirao que se abría ás augas do Mandeo, puido ver entre a bruma o navío onde deixara a súa carga miserenta e que pronto se faría ao mar baixo o comando do capitán Lourenzo de Sousa, o *Nosa Señora das Augas Santas*, armado de tres mastros e con bandullo de balea, cos codastes firmes e a cuberta varrida pola chuvia e polo vento que erguía a auga do río anegándoa de vez. Levado por un aire de loucura, deses que lle atacaban de xeito inesperado, virou costas á fiestra entreaberta e pateou o corpo inerte do seu asistente:

—Ergue, fillo do demo. Aquí xa non nos queren e temos que partir de contado.

Acordou sobresaltado o asistente, esfregando os ollos e adoptando unha actitude defensiva, cos brazos diante do corpo, sabendo que o capitán Mourelle tanto podía deter o seu impulso como continuar no seu arrouto toleirán.

—Xa vou capitán, disimule que non acordase para lle preparar o almorzo.

—Cala, cala, langrán. Déixate de zalamerías, que no punto non mello-ran o concepto que de ti eu teño.

—Non sexa vostede tan estrito, meu señor, que tantas beaterías e tanta contención nos puxos só van facer de voecencia un home triste e na fin vanmo levar á ruína.

—Como ousas falar así ao teu señor capitán, malandro? Sacat'me de diante e que non saiba eu nin o que pensas nin o que dis de min. Eu son home de honra e galóns e non vou permitir que un número anónimo e miserento me dea leccións do que teño que facer na vida.

—Disimule, capitán... eu non quería.

—Pois se non querías para que abres a boca cando ninguén pide a túa opinión. Vai arrumando a bagaxe para partires de contado. Saímos logo do almorzo, e pon o ouvido atento a todo o que fale e non fale na rúa e na baiuca da fonda. Non me fío nin medio do que eses freires andan tramando ás miñas costas.

—Non se ocupe capitán, que eu terei cen ouvidos e mil ollos para ver e escoitar o que neste país se diga.

Coa mesma, o capitán Mourelle arrebolando polo aire o seu gabán abre a porta do cuarto e baixa os chanzos que do piso levan á cociña da fonda. Na mesa hai espalladas fogazas de pan centeo e fervedores de leite, cuncas de natas e algún chourizo acabado de fritir, aínda fumegante. Dous parroquiáns erguen a ollada ao sentir o balbordo das esporas golpeando na baixada. A pousadeira, que hai tempo se ergueu para amañar o almorzo dos hóspedes, saúda ao capitán con ensaiado requinte.

—Bos días teña vostede, señor capitán. Espero que teña descansado ben na nosa humilde casa.

Ao que o capitán, moucho e mal encarado, resposta cunha especie de gruñido de desaprobación:

—Non estou para lérias e falares. Sirve unha cunca de papas de fariña trigá e unhas lascas de carne seca, dese xabarín que probei onte... e que por certo estaba ben bo. Ah, e non esquezas poñer ao alcance unha garrafa de augardente. A noite foi longa amais e preciso de amolecer os ánimos.

Parte a pousadeira camiño dos fogóns para procurar o mandado do capitán, que reconcomido pola carraxe tamborea coas mans na madeira. Ao punto ve como o seu asistente baixa as escaleiras que dan ao andar e non pode afastar del a vista, pois trae a bagaxe pendurada das costas, facendo equilibrios para non caer. Onte xa falaron os dous do cambio de destino, mais agora que pasou a noite e que o capitán intúe que todo foi unha trapa-llada urdida polos abades e os enviados do arcebispo, non sabe se terá azos para llo explicar a Antón, quen podería perderlle o respecto se soubera que media ducia de homes de saias veñen de afastalo dos seus plans coa complicidade do almirante Sarmiento, que é de familia de tonsurados e polo tanto fai todo o que eles lle indiquen.

Fóra deixou de chover e xaora o ceo semella que vai abrir de vez, o que será oportunidade única para montar nas cabalerías e saír a fume de carozo na dirección de Ferrol, a onde con algo de sorte no camiño poderán chegar esta noitiña. A treboada foi dura e se cadra se moveron as terras, como tantas veces acontece neste país cando chove con intensidade de turbión. Tamén poida que atopen árbores atravesadas, barrancas onde o camiño fose erodido polas chuvias ou lameiros onde as cabalgaduras terán dificultades para avanzar.

Por que hai imaxes que retornan aos nosos soños (*to our dreams, to our minds*) e cando acordamos aparecen como fotogramas (*snapshots*) do pasado? (Non sei se aquí, logo de dúas parénteses cómpre un signo de interrogación ou simplemente un punto. Non se terá quebrado o ritmo do que le –eu mesmo antes de considerar o texto como definitivo– e daquela tan difícil manter a cadencia deica a fin da frase). Dous exemplos que trae Barcelona, onde agora paseo na noite logo do xantar: a) eu entrando nunha pensión na Port del'Angel,<sup>1</sup> durmindo no mesmo cuarto que unha rapaza peruana que traballaba para un dos meus colegas do servizo militar (si, el era o seu *maquereau*, que vai ti saber por que 'xarda' se asimila en francés a chulo, a proxeneta. Eles saberán, a min píllame lonxe esa asociación). Eles espidos na cama, fumando e rindo (*breast and chest, touching each other*), coma se a vida non fose máis que aquel instante infinito, e b) unha noite fría nun cuarto compartido da Pensión Francia, próxima á estación de França (onde viñamos de chegar de Sant Climent Sesebes) e como aquel cuarto aparece cando comezo a ler *Moby Dick* na súa versión portuguesa (que escollín na ausencia de versión en galego, nunha altura onde o inglés era só un soño e a lembranza dunhas clases no colexio, que detestaba). Tantos anos pasados (vintenoventa, para ser precisos) e esas dúas imaxes chegaron ao unísono para me transportar á Barcelona da miña mocidade.

<sup>1</sup>  
De seguro que non se escribe así, terei que consultar cun amigo catalán ou fixarme a próxima vez que visite Barcelona, ou simplemente procuralo en Google Maps, que é o máis sinxelo, ou buscar nos meus cadernos de peto, nas datas de cando estiven en Barcelona en 2011, coido que foi en febreiro, por razóns de traballo, como case sempre que viaxo.

<sup>2</sup>  
'Demediado por un raio de tolicie' tampouco quedaría mal, se cada quedaría mellor, mais o absurdo dicionario que manexo non recolle esa verba para min magnífica na súa claridade definitiva da esquizofrenia que é 'demediado' e que me fai lembrar a Italo Calvino, nin 'tolicie', que supoño que se terá por un lusismo, mais benvida sexa esa capacidade de ser permeábeis na fronteira lingüística.

Esas imaxes xúntanse con outras imaxes cando leo un texto de Emine Sevgi Özdamar extraído de *Life is a Caravanserai*: 'The merest fleck of a tear is enough', di, e iso fai acordar en min as moitas veces que diante dun espello unha bágoa asomou no bordo da pálpebra (a inferior, por descontado, por pura cuestión de gravidade e posición habitual de 'bípede implume' segundo a definición aristotélica) e xa logo non quixo saír, non quixo escoar esvarando pola meixela, pois as fontes estaban secas de tanto sufrir e daquela mellor gardar aquela bágoa, atesourala coma se fose a última bágoa posíbel para ser utilizada nun instante de tránsito (e aquí deberías precisar, pois pola propia esencia todos os instantes son de tránsito).

Chorei mortes, por descontado, e abandonos, por suposto, mais as máis das veces chorei pola conciencia de me sentir fráxil e impredicíbel, partido polo eixo por un raio de tolemia,<sup>2</sup> quen sabe se consciente da lasitude (labilidade, verba de uso propio, que tan poucos partillan), da traizón, da soidade. Algunha vez coincidín con Huxley (e agora me arrepiño, xa tarde) en que por moito que ensaiemos amizades e amores, compañías esporádicas, *acquaintances and sexual intercourses*, sempre estamos sós, prisioneiros nos lindes do noso corpo. Agora sei que estaba errado, que hai mil e un graos de soidade, dende aquela que se procura para a reflexión ou o descanso (e entón tan reconfortante) a aqueloutra que se percebe coma unha condena.

Pensar estas cousas nun avión que nos leva dunha cidade de traballo a outra cidade de traballo, dunha infelicidade a outra, fai aparecer unha pantasma que arrepiña, que nos fai conscientes das rutinas e os graos de desamor, mais tamén aparece *thanks to the faith that could not be materialized in any defined god*, a crenza de vivir, de ter vivido, de amar e ter amado deica o delirio.

Na mesiña abatíbel da butaca dianteira fican tristes os vestixios do té con manteiga, combinación inspirada nun filme de monxes tibetanos, que engaden manteiga de iac ao seu té de herbas aromáticas. A veciña de cadeira –sorte, non hai moita xente e temos unha cadeira entre nós e por tanto máis espazo– olla para min con cara de fada cunha mestura de perplexidade (combinación talmente *inouie* para alguén que le *Le Soir*) e curiosidade (por

probar aquela beberaxe que se cadra lle fai acordar a lembranza dun té con manteiga de iac nas faldras dunha montaña do Tibet, un filme que se cadra non deixou outra traza que ese gusto).

\*\*\*\*\*

Que se pode dicir dun tipo que no medio e medio dunha charla di: '*L'eau est une flamme mouillée*'. Pois cando menos que debería recoñecer que está citando a Novalis e non pretender que é unha idea que se lle vén de ocorrer agora mesmo, espontaneamente, sen aviso previo, *all'improvviso*. Mais claro, non está ben visto que un interrompa unha conferencia, ou unha entrevista, ou mesmo que corte a palabra de alguén –maior e por tanto suxeito privilexiado de respecto– para lle recordar os dereitos de autor dunha frase. Aínda que se o pensamos ben é probábel que esta mestura de ideas (chama, auga, como conceptos antitéticos) xa fose expresada noutras culturas e noutros tempos (un mar de lava volcánica, por exemplo, traería esta imaxe, como tamén un glaciar onde o xeo queima as entrañas dun home atopado nos Alpes). Todos temos os nosos pequenos lapsus cando nos cremos superiores e esquecemos de onde vimos (aquelas células de pai e de nai intentando entenderse), do pequenos que somos e deberíamos sentirnos sempre como prescindíbeis. Abandonar xa esta deriva absurda e saír dar un *giro* para espantar a soidade. Sentir se cadra aquela frase (de Mallarmé?): *Je ne suis pas un solitaire, mais un solitaire de quelqu'un*. A soidade procurada é ben distinta desta soidade accidental, de home só que perde a quen máis desexa ter ao seu lado. *Une flamme mouillée. Solitaire de toi*, quizais.

\*\*\*\*\*

Un bálsamo. Escribir é como un bálsamo que cura as feridas, as da soidade e as do estrañamento. Tamén cura outras lesións menores e maiores, o caso é procurar o momento para se aventurar nas páxinas (agora mellor nas pantallas da computadora, que é máis veloz). Se cadra –tantos anos e aínda sigo sendo un conxunto de dúbidas engarzadas nunha rede admirábel de pensamentos, de derivacións eléctricas, de chimpos argumentais– esa velocidade modifica a escrita, lugar común, *perhaps*, mais algo de razón, pois aínda lembro cando todo o escribía a man, *slow mood*, e logo nunha máquina Underwood herdada do avó e xa logo nunha Olivetti, de lonxe máis manexábel e doían menos os dedos ao martelar as teclas (daquela eu aínda dicía e escribía 'técolas', que é verba fantástica e ben sonora, mais que o corrector despreza por estraña. Iso remítame a pensar que é se cadra o corrector ortográfico integrado no procesador de textos o que é estraño).

\*\*\*\*\*

Eu son un unicornio branco e vivo no medio dunha braña chea de flores. Teño un par de ás e un corno que brilla ao sol. Así comeza unha rapaza de nove anos unha historia na sección *Once Upon a Time* dun xornal maltés, que leo o mesmo día no que non podo visitar as pinturas de Caravaggio, pois o museo xa pechou e eu saín tarde da xuntanza e daquela todo se complica cando un pretende traballar e facer algo de turismo. Nese punto, a luz fuxindo e eu pensando en como unha nena maltesa pode imaxinar un unicornio con ás (non era Pegaso o cabalo que tiña ás? Tiña un corno?) e daquela lembro que seguro que foi ao cinema e veu un deses filmes onde



todo comeza cos créditos dunha produtora que ten a Pegasus como o seu símbolo, non lembro o nome da produtora, mais estou certo que algo lin sobre a estadia de Caravaggio en Malta, fuxindo dunha denuncia por asasinato, e daquela vén á memoria *Il colore del sole* de Andrea Camilleri, que en troques de falar de Montalbano (non me gustan as novelas con detectives privados, con inspectores de policía, con anciáns repelentes ou superheroes que descubren o asasino polos detalles máis sutís), relata a súa propia pescuda (está narrado nunha primeira persoa clara ou falsamente autobiográfica) na procura dos trazos (das pegadas, se o tempo non as tivese borrado) do paso do grande pintor pola illa de Malta.

\*\*\*\*\*

Non hai moitas opcións cando un atravesa unha certa barreira e comeza a ter medo, pois as forzas xa non son as mesmas que eran hai uns anos (poucos). Non hai moitas opcións, pois atácanos a covardía (se é que xa non estaba alí acubillada, servindo de parapeto ás nosas vidas, moles, sen dúbida, na meirande parte dos casos).

Cando me demandan que é o que quero ser de maior (coma se fose novo), eu sempre digo que un home tranquilo, e cando me preguntan se o traballo é complexo ou moi doado, sempre contesto que teño a sensación de levar toda a miña vida de vacacións. Traballar é andar na pesca do largo, a centos de millas da casa, ou picar carbón a mil metros nunha mina que pode estoupar en calquera momento, ou vivir illado nunha estación meteorolóxica na Antártida e non poder saír da base e andar remoendo todo o día. Traballar é estar nunha factoría, anos e anos, facendo un movemento rutineiro que vai dar cabo dos nosos ósos ou da vista, ou ben da nosa resistencia e remataremos reumáticos e botados a perder. Traballar é percorrer centos de quilómetros por día e parar nunha gasolinera, e pretender que es un home de pelo en peito e deixar que te foda nos baños, pois levas días sen falar con ninguén, sen ver aos teus e precisas dun pouco de tolemia (de loucura, de expansión, de tolicie, como sexa). Traballar é pasar unha garda nun hospital de campaña e non ter medicinas para os enfermos e ter que amputar, que cortar, que suturar ou que sondar coas mans espidas (non hai luvas), co sangue coagulado esvarando pola bata que unha vez foi branca (a auga está racionada), cos pés inchados de pasar o día dun lado a outro (risco de trombose, de insuficiencia cardíaca, de edema). Traballar é ter que limpar as rúas nas noites (de inverno e de verán), entrar nos esgotos, nas gabias e nos leitos reseco dos ríos para limpar os fondos lamacentos. Traballar é limpar alxibes de petróleo ou tanques con residuos tóxicos, asfaltar unha estrada a corenta graos á sombra ou almacenar peixe nun frigorífico a vinte e tal por baixo de cero. Traballar é facer algo que nos desgusta, que nos esgota, que nos humilla, que nos ata dalgunha forma e nos reduce á nosa condición de medios de produción, de individuos maleábeis, a seres binarios onde o código produción / consumo leva xa mesmo a unha combinación de números que nos identifican: a tarxeta de identidade, o cartón do banco, o número de rexistro na sanidade pública, o carné de tal ou cal club —tanto ten de lectura como de fútbol, de vídeo como gastronómico, non hai números de membro mellores que outros, distintos, máis puros—, o teléfono móbil, o número do pasaporte, a talla dos zapatos, a altura medida en centímetros ou polgadas, os puntos acumulábeis que nos dá a caixeira do súper, as verbas que escribimos en *facebook* e todas esas mostras de intelixencia —do inglés *intelligence*, que nada ten que ver co espelido que ti sexas, senón que

106 — Galicia 21  
Issue E '13

*Mostra antolóxica de textos  
inéditos*

Xavier Queipo

quere significar ‘precioso material de información privilexiada’, que pode servir para deter a un criminal ou criminalizar a un inocente— que poden dar cabo de nós sen que nos deamos de conta que nos están seguindo, que estamos vixiados, controlados, *monitorizados* ou *monitorados*, verba que tanto gusta aos médicos de coidados intensivos e aos científicos suramericanos de fala castelán que din ‘monitoreo’, cando se refiren á xestión das poboacións de especies animais.